

SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA (IN417Y)

Instituto Enerxético de Galicia, INEGA



CONECTA OURENSE



RESOLUCIÓN do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2023, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2021-2027 (código de procedemento IN417Y). [Vínculo ao DOG](#)

BENEFICIARIOS

- Empresas e autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.
- Empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos de servizos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.

EXCLUÍDOS

- Particulares e comunidades de propietarios sen actividade económica; empresas do sector de producción agrícola primaria coas actividades incluídas na sección A, A industria extractiva enerxética, a de refinación de petróleo e bio-combustibles, así como as empresas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica e empresas da sección K de actividades financeiras e de seguros.

PROXECTOS SUBVENCIONABLES

Serán elixibles os **custes de inversión adicionais necesarios para lograr un nivel más elevado de eficiencia enerxética**. Serán subvencionables aqueles proxectos con rateos de aforro enerxético anual iguales ou superiores aos indicados na seguinte táboa para cada liña:

DENOMINACIÓN DE LA LÍNEA	PROYECTOS SUBVENCIONABLES
PAPEME. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en PEMES.	Proxectos que xustifiquen rateos de aforro enerxético iguales ou superiores a 0,3 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible.
PAGE. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en grandes empresas.	Proxectos que xustifiquen rateos de aforro enerxético iguales ou superiores a 0,4 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible.
PAE. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en PEMES ou grandes empresas que reduzan as emisións de GEI en polo menos un 30%.	Proxectos que xustifiquen rateos de aforro enerxético iguales ou superiores a 0,3 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible e que ademais reduzan polo menos un 30 % as emisións de GEI.
PAP. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas.	Proxectos que xustifiquen rateos de aforro enerxético iguales ou superiores a 0,4 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible.

Os investimentos só poderán ser subvencionados sobre a base dunha auditoría enerxética (no caso de actuacións integrais de edificios substituirase a auditoría enerxética polo certificado de eficiencia enerxética cando este sexa de aplicación ao edificio), cuxos resultados se plasmarán na memoria técnica da solicitude.

O investimento mínimo para que a actuación sexa subvencionable debe ser de 10.000 euros.

Cada solicitude conterá un único proxecto técnico que pode constar dunha soa actuación ou varias actuacións homoxéneas a executar no mesmo emprazamento. **Cada empresa poderá presentar unha ou máis solicitudes.**

REQUISITOS TÉCNICOS

- Levar asociado o aforro enerxético mínimo requirido para cada proxecto, que debe quedar xustificado na memoria técnica e na ficha de consumos.
- No caso de mellora de instalacións de iluminación a instalación resultante debe cumplir os requisitos que sexan de aplicación definidos na norma UNE-EN 12464 (iluminación dos lugares de traballo) e na Guía técnica para a avaliación e prevención de riscos relativos a utilización de lugares de traballo.
- Para o caso de proxectos que requiran da realización de obra civil, deberán cumplirse as seguintes condicións específicas durante a execución do proxecto:
 - Ao menos o 70% (en peso) dos residuos de construcción e demolición non perigosos (excluíndo material natural mencionado na categoría 17 05 04 na listaxe europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados na execución do proxecto prepararase para a súa reutilización, reciclaxe ou recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construcción e demolición da UE.
 - Non utilización de amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da listaxe de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os proxectos que non cumpran cos requisitos técnicos mínimos recollidos no apartado anterior.

CONSIDÉRANSE CUSTOS SUBVENCIONABLES

- Elaboración dos proxectos técnicos, dirección facultativa e obra civil relacionados coas actuacións.
- O prezo dos equipamentos, a súa montaxe e posta en marcha.
- Os sistemas de monitorización, contabilización e tele-xestión.
- As auditorías.

NON SERÁN SUBVENCIONABLES:

- As instalacións que utilicen enerxías renovables, salvo as que procedan da valorización de residuos non propiamente enerxéticos e as bombas de calor.
- Operacións de mantemento (simples reposición de lámpadas, ...).
- Vehículos de todas as clases utilizables para o transporte terrestre, marítimo ou aéreo de persoas, animais, materiais ou mercadorías, excepto os que se deban rexistrar na conta de maquinaria. A conta de maquinaria inclúe o conxunto de máquinas ou bens de equipo mediante os cales se realiza a extracción ou elaboración dos produtos.
- Os gastos de legalización.
- O imposto sobre o valor engadido (IVE).
- Os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis, adquisición de bens de segunda man...



- En ningún caso serán subvencionables as instalacións/equipamentos que xa fosen obxecto de axuda en anos anteriores.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da subvención será do **35 % do custo elixible da actuación**. A intensidade da axuda **incrementarase un 20 % no caso de axudas concedidas a pequenas empresas e un 10 % no caso de medianas empresas**.

Para axudas de máis de 100.000,00 € limitase a axuda segundo o aforro enerxético xustificado segundo a seguinte táboa. Para estes efectos da aplicación deste límite no caso de proxectos da liña PAP utilizarase a epígrafe específica para esta tipoloxía de proxectos:

TIPOLOXÍA BENEFICIARIO	AXUDA MÁXIMA EN FUNCIÓN DO AFORRO ENERXÉTICO
Pequena empresa	Se AEF < 80 MWh/ano: AM = 100.000 Se AEF ≥ 80 MWh/ano: AM = AEF x 1.250
Mediana empresa	Se AEF < 100 MWh/ano: AM = 100.000 Se AEF ≥ 100 MWh/ano: AM = AEF x 1.000
Gran empresa	Se AEF < 150 MWh/ano: AM = 100.000 Se AEF ≥ 150 MWh/ano: AM = AEF x 675
Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas (PAP)	Se AEF < 80 MWh/ano: AM = 100.000 Se AEF ≥ 80 MWh/ano: AM = AEF x 1.250

AEF = aforro enerxético anual de enerxía final en MWh/ano.

AM = axuda máxima por expediente en función da tipoloxía de beneficiario e o aforroenerxético en euros.

No caso de proxectos do sector industrial cun investimento igual ou superior a 100.000,00 € e ratios de aforro iguales ou superiores a 0,81 kWh/€ de inversión a axuda estará limitada a un máximo do 25 % da inversión. Para estes efectos, considérase sector industrial aquellas actividades do CNAE 2009 (Real decreto 475/2007) das divisións 07 a 39

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- **O prazo de presentación de solicitudes comenzará o 10 de maio de 2023 ás 9.00 horas e finalizará o 15 de setembro de 2023.**
- A data límite para **executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa** dos investimentos será o **15 de setembro de 2024**
- As solicitudes presentaranse na páxina web do Inega accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> obligatoriamente por medios electrónicos.



OFICINA CONECTA VALDEORRAS

 Plaza del Ayuntamiento, núm. 2
32300, O Barco de Valdeorras
Ourense

 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

OFICINA CONECTA VERÍN

 Rúa Doctor González Prada, núm. 5 Bajo
32600, Verín
Ourense

 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

